




Visión de I+D+i:

Mediante a xestión estruturada da súa I+D+i, **LUGAR DA VEIGA SLL** persegue alcanzar a mellora continúa tanto dos seus produtos coma do seus procesos e servizos, mediante unha busca do coñecemento continúa e atendendo as innovacións xurdidas e as propostas dos nosos clientes.

Estratexia de I+D+i:

Para acadar a visión de I+D+i exposta teremos en conta unha serie de medidas relacionadas tanto co noso produto como cos nosos procesos e servizos:

- A busca continua de novas ideas que nos permitan ofrecer un produto e uns servizos novos ou mellorados en resposta as demandas de cambio xurdidas para garantir un crecemento sostible.
- Estar pendentes das necesidades dos nosos clientes para poder ofrecer o mellor servizo posible.
- Atender as innovacións presentadas no noso sector para estudar o seu potencial de cara a ser introducidas na nosa empresa.
- Fomentar a colaboración con entidades de investigación, tales coma Universidades ou Centros tecnolóxicos, as cales nos aporten coñecemento e valor engadido en materia de I+D+i.
- Buscar a colaboración con outras empresas, tanto do noso sector coma doutros sectores, para acadar un beneficio mutuo no desenvolvemento de novos produtos.
- Fomentar a introdución de novos procesos que nos permitan a expansión a mais mercados de xeito meditado e controlado.
- Buscar o máximo rendemento para os recursos dispoñibles e xestionalos tendo en conta un desenvolvemento sustentable, o respecto polo medioambiente e o respecto pola nosa contorna.
- Fomentar unha cultura de innovación entre os nosos traballadores facilitando que todo o persoal poda ser un motor de xeración de novas ideas.
- Estar sempre en continuo aprendizaxe para intentar acadar sempre os mellores resultados.

| | | |
|--|--|---|
| <p>Elaboración: TÉCNICA DO SISTEMA DE XESTIÓN E I+D+i</p> <p>Sinatura:</p>  | <p>Revisión: RESPONSABLE DO SISTEMA DE XESTIÓN</p> <p>Sinatura:</p>  | <p>Aprobación: COORDINADOR XERAL</p> <p>Sinatura:</p>  |
|--|--|---|